

Circular 7/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2021/22.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Esta norma dispón que a consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na Circular 6/2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2021/22 establécese o procedemento para a elaboración, administración e avaliación das probas para a obtención dos certificados dos niveis regulados no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, para o curso 2021/22.

No punto 20.5 da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2021/22, establécese que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional organizará unha convocatoria das probas para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, nas datas que esta determine, non máis tarde do mes de febreiro; e que poderá establecer criterios de asignación de prazas para aqueles idiomas e niveis cuxa demanda o xustifique.

Polo tanto, co obxecto de organizar, para o curso 2021/22, as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 polo réxime libre, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional dita as seguintes instrucións:

1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

1.1. Nivel básico A2

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico A2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico A2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.1.2. No curso 2021/22 administraranse probas de certificación de nivel básico A2 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.



1.1.3. As probas de certificación do nivel básico A2 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel básico A2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libres_guia_informativa_e_de_especificacions_a2_2022.pdf

1.2. Nivel intermedio B1

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio B1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.2.2. No curso 2021/22 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B1 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.2.3. As probas de certificación do nivel intermedio B1 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libres_guia_informativa_e_de_especificacions_b1_2022.pdf

1.3. Nivel intermedio B2

1.3.1. As probas de certificación de nivel intermedio B2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.3.2. No curso 2021/22 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B2 nos idiomas alemán, árabe, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

1.3.3. As probas de certificación do nivel intermedio B2 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libres_guia_informativa_e_de_especificacions_b2_2022.pdf

1.4. Nivel avanzado C1

1.4.1. As probas de certificación de nivel avanzado C1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.4.2. No curso 2021/22 administraranse probas de certificación de nivel avanzado C1 nos idiomas alemán, francés, español como lingua estranxeira, galego, inglés, italiano e portugués.

1.4.3. As probas de certificación do nivel avanzado C1 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel avanzado C1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libres_guia_informativa_e_de_especificacions_c1_2022.pdf



2. ACCESO ÁS PROBAS

2.1. Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2022.

2.2. Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2022.

2.3. O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das probas de certificación, previo pagamento dos prezos públicos correspondentes, sen que sexa requisito obter o certificado do nivel ou niveis anterior(es).

2.4. O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2021/22, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno/a libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

3. INSCRICIÓN NAS PROBAS

A inscrición realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>

3.1. Prazo de inscrición

O prazo de inscrición nas probas de certificación para o alumnado libre será do 9 ao 26 de novembro de 2021, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 26 de novembro.

3.2. Trámites de inscrición e aboamento dos prezos públicos correspondentes

3.2.1. Procedemento

Realizarase unha solicitude para cada idioma e nivel no que se desexe matricularse.

a) Para os niveis B2 e C1 de alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués o alumnado deberá seleccionar todos os centros en que se van administrar as probas, de acordo coa súa orde de preferencia.

No momento de cubrir o formulario de inscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola, idioma e nivel solicitados. Para a asignación de prazas, o sistema informático obterá un número de corte por idioma a partir do cal se asignarán as vacantes dispoñibles, número que se obterá aleatoriamente entre todos os números asignados a cada solicitante dese idioma e nivel. A adxudicación de prazas realizarase por opción, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo e asignándolle a primeira opción a todas as persoas solicitantes, ata completar o número de prazas dispoñibles, a continuación asignaranse as seguintes opcións, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude ata que todas as persoas solicitantes sexan asignadas a unha escola.



A obtención do número para a adxudicación das prazas realizarase en acto público, o día 30 de novembro, ás 12.00 horas, na EOI de Pontevedra (rúa Celso Emilio Ferreiro, s/n, Pontevedra). O día 1 de decembro, o alumnado poderá consultar na aplicación web a escola onde foi admitido.

b) Para o resto dos idiomas e niveis seleccionárase unicamente a escola onde se queira realizar a proba.

3.2.2. Documentación

A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice a través da aplicación web, no prazo que estableza cada escola. Para formalizar a matrícula será necesaria a presentación da seguinte documentación:

- O impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula, onde se indique(n) o(s) idioma(s) e o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
- O resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2022, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo I.

A documentación presentarase desde a ligazón <https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.2.3. O pagamento da matrícula para as probas de certificación do alumnado libre non poderá ser fraccionado.

3.3. Alumnado con diversidade funcional

3.3.1. De acordo co establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, no caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

3.3.2. O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial, tales como discapacidade visual, parcial ou total,



e algúns graos de discapacidade motriz e de hipoacusia, trastornos da fala, ou discapacidades múltiples deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, deberá cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo II desta circular). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo III.

3.3.3. En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

3.4. Incompatibilidades

3.4.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

3.4.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.4.3. Así mesmo, o profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2021/22, e, en ningún caso, se poderá matricular para realizar as probas de certificación do(s) idioma(s) que imparte en ningunha EOI de Galicia. No caso de profesorado interino ou substituto que estivera matriculado previamente nunha escola, este deberá solicitar o traslado de expediente a outro centro, ou ben poderá renunciar á matrícula.

3.4.4. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas no curso 2021/22 non poderá matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que poderá formalizar a súa matrícula noutra escola. No caso de árabe e ruso, por seren idiomas que se imparten unicamente na EOI da Coruña, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula polo réxime libre neses idiomas no dito centro.

3.5. Estatística

Unha vez rematado o prazo de matrícula, e antes do 21 de xaneiro, as EOI remitiranlle ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente unha estatística co número de matrícula por idioma e nivel, consonte o anexo IV desta circular.

4. ESTRUCTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS

4.1. Os equipos directivos das EOI garantirán que o alumnado dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación.



4.2. Para isto, as escolas publicarán as instrucións establecidas nesta circular, xunto coas guías informativas e de especificacións das probas de certificación de cada nivel. Así mesmo, publicarán tamén as táboas de avaliación para as actividades de produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, mediación oral e mediación escrita, que se incluírán na guía de avaliación e cualificación que esta secretaría xeral enviará aos centros antes da realización das probas.

4.3. A data de publicación das notas estableceráase cada escola.

5. ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS

5.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI. Non se administrarán probas nas seccións.

No caso da EOI de Santiago de Compostela, se non fose posible administrar as probas para todo o alumnado na sede central, establecerase unha sede complementaria na propia cidade, que se anunciará coa antelación suficiente na páxina web da escola.

5.2. As probas dos niveis A2 e B1 administraranse para todos os idiomas nas sedes das EOI onde estean implantados estes niveis.

5.3. As probas dos niveis B2 e C1 administraranse nas seguintes escolas:

- **Alemán:** A Coruña e Ourense
- **Francés:** A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- **Español como lingua estranxeira:** Vigo
- **Galego:** A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- **Inglés:** A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.
- **Italiano:** Vigo e Ferrol
- **Portugués:** Lugo e Pontevedra

As probas de nivel B2 de árabe e xaponés administraranse unicamente nas escolas onde se imparte este nivel.

5.4. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.

5.5. A cualificación da produción e coprodución de textos escritos, da mediación escrita, da produción e coprodución de textos orais e da mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente.

5.6. Durante a realización das probas libres e con carácter excepcional para este ano académico, poderase adaptar a actividade lectiva de acordo coas necesidades das escolas, previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.



6. CALENDARIO DAS PROBAS

6.1. A convocatoria libre das probas de certificación para os niveis intermedio B2 e avanzado C1 administrárase nas datas establecidas no anexo V desta circular.

6.2. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora e/ou data.

6.3. A parte escrita da proba dos niveis básico A2 e intermedio B1 de todos os idiomas realizarase de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse antes do remate do prazo de inscrición, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. As datas das probas destes niveis poderán coincidir coas datas fixadas para os niveis B2 e C1.

6.4. As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas.

6.5. A EOI da Coruña establecerá o calendario de realización das probas de certificación de árabe e ruso. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema





ANEXO I

**CERTIFICACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA
CURSADA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Don(a),
secretario/a do centro,
con código de centro nº, na localidade
(provincia),

CERTIFICO:

Que don(a).....,
con DNI, está matriculado/a actualmente neste centro
no curso das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, e que o
idioma que cursa como primeira lingua estranxeira é

Asino esta certificación por pedimento do/a interesado/a e para os efectos de
matrícula polo réxime libre na escola oficial de idiomas.

..... de de 2021

V. e pr. do/a director(a)

O/A secretario/a

(Selo do centro)



ANEXO II

En cumprimento do establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo,¹ no que se recolle que: *No caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.*

O/a alumno/a con
DNI/NIE, domicilio en, código postal.....
na rúa, núm., andar/porta
teléfono....., correo electrónico....., matriculado/a
na modalidade libre para a PROBA DE CERTIFICACIÓN de nivel

- BÁSICO A2 de no curso académico
(ESPECIFICAR LINGUA)
- INTERMEDIO B1 de no curso académico
- INTERMEDIO B1 de no curso académico
- AVANZADO C1 de no curso académico

Presenta a seguinte dificultade sensorial ou motora que lle impide desenvolver con normalidade a devandita proba:

.....

Para xustificalo, presenta os seguintes informes/certificados² emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade :

.....

Polo que **SOLICITA** que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

..... de de

¹ DECRETO 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

² Este documento non ten validez sen documentación xustificativa



ANEXO III

MEDIDAS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS

O artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia dispón que o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade se basearán nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes e que os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

O apartado 24 Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2021/22 establece que se deberán adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización das probas.

De acordo co establecido no apartado 3.3 da Circular 7/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2021/22, este alumnado deberá solicitalo no momento da matrícula e achegar a documentación acreditativa, que o centro poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial para as adaptacións pertinentes.

Unha vez recibido o informe do equipo de orientación específico, será labor do departamento correspondente, tras informar a comisión de validación de probas de certificación, adaptar as probas de xeito individual, atendendo as necesidades especiais de cada persoa candidata e consonte as medidas suxeridas a continuación.

En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

Medidas posibles de adaptación das probas para as persoas candidatas con necesidades especiais

a) Persoas con deficiencias visuais e invidentes:

- Material da proba en escritura táctil (sistema Braille estándar).
- Material a tamaño ampliado.
- Prolongación do tempo de realización da proba (segundo as necesidades particulares).
- Reprodución dos medios de son coas pausas intermedias que sexan necesarias para responder as preguntas e para ditar, escribir ou mecanografar as respostas (*comprensión de textos orais*).

b) Persoas con discapacidade auditiva parcial ou total:

- Proba de *comprensión de textos orais* presentada mediante lingua de signos en vídeo.
- Intérprete de lingua de signos encargado/a e pagado/a pola persoa candidata.
- Aumento do volume na reprodución dos medios de son.
- Repeticións adicionais do texto oral.



- c) Persoas candidatas con trastornos da lectura e/ou escritura (disortografía):
- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).
- d) Persoas con trastornos da escritura (disgrafía):
- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).
 - Utilización dun ordenador de sobremesa ou portátil exento de unidades de axuda.
 - Un/ha secretario/a, examinador/a, profesor/a escribe o texto que vai sendo ditado, consulta coa persoa candidata para asegurar a ortografía e, ao remate, entrega a esta o texto.
- e) Á hora de cualificar a proba oral das persoas candidatas con trastornos da fala haberá que considerar o grao da discapacidade.
- f) A realización da proba por parte das persoas candidatas con discapacidades múltiples é posible mediante a combinación de diferentes tipos de medidas.





ANEXO IV

| | | | |
|-----------------------|--|-------------------|--|
| NOME DA ESCOLA | | LOCALIDADE | |
|-----------------------|--|-------------------|--|

INFORME ESTATÍSTICO PROBAS DE CERTIFICACIÓN LIBRES • CURSO 20..../....

| | Básico A2 | Intermedio B1 | Intermedio B2 | Avanzado C1 | ALUMADO TOTAL | Nº de tribunais |
|--|-----------|---------------|---------------|-------------|---------------|-----------------|
| Alemán | | | | | | |
| Árabe | | | | | | |
| Chinés | | | | | | |
| Español como lingua estranxeira | | | | | | |
| Francés | | | | | | |
| Galego | | | | | | |
| Inglés | | | | | | |
| Italiano | | | | | | |
| Portugués | | | | | | |
| Ruso | | | | | | |
| Xaponés | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | |



ANEXO V
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN
INTERMEDIO B2 E AVANZADO C1
CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2021/22

CONVOCATORIA LIBRE

| | | |
|---|----------------|---------|
| Alemán - nivel intermedio B2 | 15 de febreiro | 16:00 h |
| Alemán - nivel avanzado C1 | 16 de febreiro | 16:00 h |
| Español como lingua estranxeira - nivel intermedio B2 | 8 de febreiro | 16:00 h |
| Español como lingua estranxeira - nivel avanzado C1 | 17 de febreiro | 10:00 h |
| Francés - nivel intermedio B2 | 9 de febreiro | 16:00 h |
| Francés - nivel avanzado C1 | 14 de febreiro | 16:00 h |
| Galego - nivel intermedio B2 | 9 de febreiro | 10:00 h |
| Galego - nivel intermedio B2 (2ª quenda)* | 17 de febreiro | 10:00 h |
| Galego - nivel avanzado C1 | 14 de febreiro | 10:00 h |
| Galego - nivel avanzado C1 (2ª quenda)* | 18 de febreiro | 10:00 h |
| Inglés - nivel intermedio B2 | 10 de febreiro | 16:00 h |
| Inglés - nivel intermedio B2 (2ª quenda)* | 17 de febreiro | 16:00 h |
| Inglés - nivel avanzado C1 | 11 de febreiro | 16:00 h |
| Inglés - nivel avanzado C1 (2ª quenda)* | 18 de febreiro | 16:00 h |
| Italiano - nivel intermedio B2 | 11 de febreiro | 10:00 h |
| Italiano - nivel avanzado C1 | 16 de febreiro | 10:00 h |
| Portugués - nivel intermedio B2 | 10 de febreiro | 10:00 h |
| Portugués - nivel avanzado C1 | 15 de febreiro | 10:00 h |

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.

* Para os idiomas galego e inglés establécese unha segunda quenda, que se administraría exclusivamente no caso de que non fose posible examinar a todo o alumnado nunha única quenda. Neste caso, o alumnado distribuiríase equitativamente en ambas as quendas.

